



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Polo presente faise público que o Pleno do Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria de data 26 de xuño de 2023, adoptou os seguinte acordos:**

### **CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**

Visto que o art. 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que nos Concello de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e dos/As Concelleiros/as que ostenten delegación, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao pleno.

Visto que o devandito artigo establece que todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de Concelleiros/as pertencentes ao mesmos en proporción ao número de Concelleiros/as que teñan no Pleno.

Visto que o art. 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios de acordo coa estrutura prevista no art. 116 da mesma norma.

Considerando, pois, o establecido no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o art. 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 38, 123 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.** Crear unha comisión informativa coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento:

- 1.- Denominación: Comisión Informativa de Asuntos Xerais permanente.
- 2.- Ámbito competencial: A Comisión Informativa de Asuntos Xerais exercerá as competencias nas materias que non foran expresamente atribuídas á Comisión Especial de Contas.
- 3.- Composición. A Comisión Informativa de Asuntos Xerais quedará integrada por sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os dous grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo municipal socialista catro postos (4 postos), ao grupo municipal do partido popular de Camariñas dous postos (2 postos) e ao grupo mixto-BNG un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

A Alcaldesa é o Presidenta nata da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

4.- Réxime de funcionamento da Comisión. Dado que a finalidade da Comisión Informativa é o estudo, informe e consulta dos asuntos que se someterán ao Pleno, as sesións ordinarias terán lugar coa antelación suficiente a celebración do Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde-Presidente das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria,



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

**Segundo.** Constituír a Comisión Especial de Contas permanente, ao abeiro dos arts. 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

1.- **Ámbito competencial:** O atribuído polos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 127.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Así mesmo actuará como Comisión Informativa para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade, ao abeiro do art. 127.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

2.- **Composición:** A Comisión Especial de Contas quedará integrada por sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os dous grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo municipal socialista catro postos (4 postos), ao grupo municipal do partido popular de Camariñas dous postos (2 postos) e ao grupo mixto-BNG un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

A Alcaldesa é a Presidenta nata da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

3.- **Réxime de funcionamento:** Dado que a finalidade da Comisión Informativa é o estudo, informe e consulta dos asuntos que se someterán ao Pleno, as sesións ordinarias terán lugar coa antelación suficiente a celebración do Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde-Presidente das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria, cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

Así mesmo celebrará sesión ordinaria dentro dos prazos legalmente establecidos pola normativa de facendas e réxime local no relativo ás contas anuais do Concello.

**Terceiro.** Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno.

#### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que o art. 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LBRL) e o art. 51 do Real Decreto, 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establecen a posibilidade de que o pleno delegue o exercicio das súas competencias atribucións na Alcaldía ou na Xunta de Goberno Local, a excepción das enumeradas neses mesmos artigos.

Visto que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), procede a distribuír e atribuír as competencias en materia de contratación das entidades locais ao pleno e a Alcaldía.

Considerando que se están en tramitación expedientes de contratación nos que, o valor estimado do contrato faría que o órgano de contratación fose o pleno da Corporación.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Considerando que en relación a eses expedientes e de forma máis xeral en relación a calquera outro expediente de contratación debe procederse á delegación das competencias do pleno na Xunta de Goberno Local, ao obxecto de lograr e garantir unha maior axilidade e eficacia na tramitación dos mesmos.

É polo que á vista do exposto e de conformidade co establecido no art. 22 da LBRL e arts. 51 e 114 e seguintes do ROF, é polo que se ACORDA:

**Primeiro:** Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, ou os de duración inferior cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada de seis millóns de euros.

**Segundo:** Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe ou a contía indicados. Quedan exceptuadas as concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

**Terceiro:** Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

**Cuarto:** Que as delegacións anteriores se suxeiten ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, ao Pleno da corporación a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

b) Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio destas facultades delegadas indicará esta circunstancia.

c) O Pleno conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia.

d) Os asuntos que deban ser sometidos á Xunta de Goberno no exercicio destas atribucións delegadas deberán ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, salvo os que sexan declarados urxentes, neste último caso darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tivera lugar.

e) O Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas adoptando as mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

f) O Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado no ámbito das delegación efectuadas de conformidade co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

g) O Pleno mantén a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade das atribucións delegadas mediante este acordo de conformidade co art. 41.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

**Cuarto:** Publicar o presente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia, non obstante, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción.

Camariñas, a 3 de xullo de 2023

A Alcaldesa,

Sandra Insua Rial